



Asunto: PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

I. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

a. Funcións e cometidos a realizar pola entidade adxudicataria:

1) Tarefas

- a) A realización da actividade docente.
- b) A elaboración da programación e os materiais didácticos correspondentes e o desenvolvemento das actividades previstas.
- c) O control de asistencia semanal do alumnado a fin de permitir liquidar a causas das ausencias, así como, para poder entregar a final de curso acta de certificación de asistencia e os correspondentes diplomas.
- d) As reunións de coordinación que se establezan.
- e) A avaliación. No prazo de 10 días, a contar desde a finalización de cada trimestre, -salvo o último, en que se presentará antes da finalización do prazo de execución do contrato-, deberá presentar ó Servizo Sociocomunitario un informe de cada un dos cursos realizados.
- f) A elaboración dunha memoria final do curso e do desenvolvemento das actividades complementarias realizadas e a súa presentación ó Servizo Sociocomunitario antes da finalización do prazo de execución do contrato.
- g) A realización durante o curso académico de dúas enquisas de satisfacción entre as usuarias. Unha delas, necesariamente deberá realizala ao final do curso.
- h) Atención das usuarias participantes nas actividades, apertura de instalación (cando sexa preciso) e coidado das mesmas; atención de persoas usuarias a nivel telefónico para avisos relacionados coa docencia.
- i) Disposición e traslado de materiais a cada centro ou lugar de realización das accións.
- k) Cantos outros se deriven dos proxectos técnicos de cada acción.

2) Duración e temporalización (horarios)

OBRADOIRO IGUALDADE POR MEDIO DA EDUCACIÓN: luns, mércores e xoves de 16:30 a 19:30h.

OBRADOIRO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN FAMILIAR : de luns a venres de 9:30 a 12:30h.



OBRADOIRO DE CONFECCIÓN: de luns a venres de 9:30 a 12:30h

3) Protección de datos

O servizo prestado estará suxeito á confidencialidade e o segredo profesional.

Darase cumprimento por parte da empresa adxudicataria do previsto na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos.

A empresa adxudicataria deberá asinar contrato de Protección de datos co concello.

b. Prestación efectiva do servizo.(Lugar de realización)

Considérase que a prestación do servizo terá como lugar a totalidade do termo municipal; e como tempo efectivo de servizo o transcorrido dende a chegada ao punto de realización da acción ata o abandono do mesmo, despois de realizar as tarefas e cometidos previstos. Non obstante o lugar habitual de execución dos traballos serán casa da mocidade, centros educativos e centro municipal de formación.

Así mesmo terán a consideración de tempos e lugar de prestación de servizo efectivo as reunións que os/as educadores/as teñan co/a técnico/a supervisor/a municipal por convocatoria desta/e para o seguimento do programa.

En todo caso, consideráse como prestación efectiva dos traballos contratados, cando unha vez realizadas as accións e presentados os informes pertinentes ou obteña a conformidade da dirección técnica municipal-Servizo Sociocomunitario.

c. Recursos técnicos e materiais

- Telefonía móbil ou fixa de contacto cós profesionais ou empresa e correo electrónico.
- Soportes didácticos e materiais, con disposición de medios auxiliares necesarios.
- 1 vehículo propio para o desprazamento ós distintos espazos ou equipamentos.
- O equipamento necesario para a realización dos cursos ou talleres será a cargo da empresa adxudicataria do contrato, sen prexuízo de que poidan ser utilizados os medios existentes nas instalacións onde se presta a actividade. Ademais, a empresa adxudicataria deberá preparar as aulas para a correcta prestación da actividade. Tamén aportará os



materiais necesarios para a realización dos cursos, tanto funxibles como inventariables.

- A empresa adxudicataria comprométese a manter en perfecto estado de conservación o mobiliario e material proporcionado polo Concello de Narón para a prestación do servizo obxecto de contratación, sendo da súa conta e risco o repoñer mobiliario e/ou material destinado ao obxecto do contrato inmediatamente cando se inutilice, deteriore ou menoscabe polo mal uso, dolo ou mala fe, por outro de idéntica calidade, marca e rendemento.

d. Recursos humanos

Perfil das persoas profesionais aportadas pola empresa:

Diplomados/as en educación social, psicopedagogos/as, mestres/as diplomados/as universitarios/as, mestre de corte e confección.

- A formación e a experiencia mínima de 5 anos acreditarase documentalmente (presentación da documentación correspondente en desenvolvemento e execución de accións similares con grupos de mulleres con dificultades especiais).

- Relación nominal de traballadores/as que desenvolverán os traballos con indicación do "curriculum vitae".

- Ratio de educadores/as por persoas (mínimo 1/25).

e. Seguro de responsabilidade civil e accidentes

A empresa adxudicataria formalizará un seguro de responsabilidade civil e accidentes que cubra os danos que se poidan dar como consecuencia da prestación do servizo ata unha contía de 600.000€.

II. DOCUMENTACIÓN DA PROPOSTA.

- Un proxecto-memoria resumo do desenvolvemento da intervención a partir do proxecto base do Servizo Sociocomunitario indicando:
 - Contextualización e adaptación á realidade de Narón
 - Técnicas e procedementos pedagóxicos
 - Materiais a empregar
 - Secuencia de contidos e obxectivos operativos
 - Indicadores e mecanismos de avaliación +resultados esperados
 - Descritor de metodoloxías organizativas cós profesionais do Servizo Sociocomunitario
- Cadro de personal, engadindo:
 - Acreditación suficiente de formación específica




- Organigrama funcional que conteña o número de persoas e clasificación laboral e profesional
- Resumo de xestión de calidade da empresa, planes de saúde laboral e prevención de risco e modelo de xestión empresarial .
- Relación de medios auxiliares e/ou equipamentos a empregar

Narón 9 de setembro de 2014

Educadora Social, colexiada 3397

Judith Martínez Casteleiro





Servizo Sociocomunitario Municipal
Área de Planificación e de Proxectos

Judith Martínez.
2014

Subprograma: “atención á muller”

Programa Muller- PIM



- Atención á muller:

1º Obradoiro “igualdade por medio da educación”

1. DESCRIPCIÓN:

Este obradoiro de ensinanzas básicas iniciais orientase ao desenvolvemento das competencias básicas en comunicación lingüística, competencia matemática, competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal que permitan as alumnas adultas obter unha formación integral, tanto na súa dimensión persoal como social e laboral, sempre no horizonte da aprendizaxe ao longo de toda a vida.

2. OBXECTIVOS:

- Adquirir ou actualizar unha formación básica de lectura, escritura e cálculo que permita ás beneficiarias desenvolverse de forma autónoma en situacións da vida cotiá favorecendo a inserción laboral e fortalecendo a autoestima.
- Acceder aos distintos niveis educativos e profesionais

3. LUGAR DE UTILIZACIÓN: Casa da Mocidade

4. IDADE DE REFERENCIA: Mulleres a partir de 18 anos.

5. GRUPOS MÁXIMOS: 25.

6. DATAS: De outubro a xuño

7. HORARIO: De tarde
De 16:30 a 19:30 h

8. SOLICITUDE INSCRIPCIÓN: No Rexistro Xeral do Concello en formulario oficial.

9. PRAZO: Consonte convocatoria.

10. APORTACIÓN DO CONCELLO:

- Educadora.
- Servizo de axuda a dependentes
- Recursos materiais: proxector, materiais didácticos, etc.
- Instalacións.

11. APORTACIÓN DO SOLICITANTE:

-

NOTAS:



2º Atención a colectivos específicos: Organización e xestión familiar.

1. DESCRIPCIÓN:

Obradoiro para adquisición de destrezas na hixiene e a orde no fogar, a organización mensual do orzamento familiar, o custo da cesta da compra en función do orzamento, a organización administrativa familiar (documentos da casa, facturas, seguros...), a repartición de tarefas entre os membros da familia, educar no aforro e receitas económicas.

2. OBXECTIVOS:

- Formar en habilidades que melloren os seus hábitos domésticos
- Dotar de habilidades sociais e prelaborais, entre outras ó grupo ademáis de crear un espazo no que as participantes adquiran novos coñecementos útiles na súa vida diaria.

3. LUGAR DE UTILIZACIÓN: Centro Municipal de Formación, colexio de Trasancos e outros locais municipais.

4. IDADE DE REFERENCIA: Mulleres a partir de 18 anos.

5. GRUPOS MÁXIMOS: 25.

1º grupo: luns, mércores e venres de 9:30 a 12:30h

2º grupo: martes e xoves de 9:30 a 12:30h

6. DATAS: De outubro a xuño

7. HORARIO: De mañá

De 9:30 a 13:30 h

8. SOLICITUDE INSCRIPCIÓN: No Rexistro Xeral do Concello en formulario oficial.

9. PRAZO: Consonte convocatoria.

10. APORTACIÓN DO CONCELLO: 11.518,2€

- Educadora
- Servicio de axuda a dependentes
- Recursos materiais: proxector, etc.
- Instalacións.

11. APORTACIÓN DO SOLICITANTE:

-

NOTAS:



4º Obradoiro de confección como estratexia de inclusión social con vocación de inserción sociolaboral.

1. DESCRIPCIÓN:

O mercado actual decántase pola roupa confeccionada e propiciou que o oficio das tradicionais modistas de confección de roupa, se circunscriba a un ámbito e público moi reducido. En cambio, multiplicáronse os talleres de confección para arranxos e transformacións.

A formación teórica e práctica que as mulleres adquiriran neste obradoiro lles permitirá transformar a súa propia roupa ou a de outras persoas, sin necesidade de coñecementos previos.

2. OBXECTIVOS:

- Contribuir a unha mellora na integración sociolaboral de mulleres en risco social
- Dotar dos coñecementos e materiais necesarios para a elaboración das súas pezas de vestir, de modo que adquiran novas capacidades que desenvolvan a súa creatividade e ao mesmo tempo poidan abaratar os custos dos seus vestidos e os da súa familia.

3. LUGAR DE UTILIZACIÓN: Centro Municipal de Formación

4. IDADE DE REFERENCIA: Mulleres a partir de 18 anos.

5. GRUPOS MÁXIMOS: 15.

6. DATAS: De outubro a xuño

7. HORARIO: De mañá

De 9:30 a 12:30 h

1º grupo: luns, mércores e venres de 9:30 a 12:30h

2º grupo: martes e xoves de 9:30 a 12:30h

8. SOLICITUDE INSCRIPCIÓN: No Rexistro Xeral do Concello en formulario oficial.

9. PRAZO: Consonte convocatoria.

10. APORTACIÓN DO CONCELLO:

- Experta en confección.
- Servizo de axuda a dependentes
- Recursos materiais: máquinas de coser, etc.
- Instalacións.

11. APORTACIÓN DO SOLICITANTE: